

XXV exposición Cedofeita De troulas e devocións. Festas populares de Lérez

Xaime Iglesias González

Semella que foi onte pero, efectivamente, estamos diante da vixésimo quinta exposición Cedofeita, serie que arrincaba por estas datas en 1995. Ano a ano, presentáronse unha variedade de temas centrados maiormente en diversos aspectos da parroquia como o castelo, o mosteiro, o río, as xunqueiras, as escolas, as costureiras, etc. Outras exposicións abordaron unha temática máis xeral como a emigración, o viño ou as ferramentas, aínda que nestes casos ían tinguidas de elementos locais pola presenza de documentos, fotografías e, no seu o caso, obxectos de procedencia lerezá.

Para celebrar esta longa andaina, pareceunos oportuno dedicar a mostra deste ano ás festas, palabra que, de inmediato, nos trae á mente ideas gratas e gratificantes: diversión, alegría, convite, descanso, aloumiño, conmemoración, aínda que nalgúns casos exista unha parte de penitencia e sacrificio ou mesmo de liorta. Quixemos engadirlle o adxectivo *populares* porque nos referimos a aquelas festas abertas á participación da xente, do pobo que, incluso en moitos casos, contribuía en boa medida a sufragar os gastos que ocasionaban. Co antetítulo *De troulas e devocións* tentamos adiantar que, mesmo nas festas relixiosas, atopamos, perfectamente imbricados os rituais piadosos cunha parte profana que nunca falta.

Como as anteriores exposicións, *De troulas e devocións. Festas populares de Lérez* inaugurouse no centenario



mosteiro de Lérez a comezos do mes de agosto, amosando por medio de textos, documentos e fotografías unha aproximación ás festas lerezás, froito das pescudas levadas a cabo fundamentalmente a través da prensa histórica e de entrevistas con veciños e membros que foron de comisións de festas. E dicimos “que foron” porque actualmente só se celebra en Lérez a romaría de san Bieito, iso si, dúas veces ao ano, cuxa parte profana vén organizando o concello. Pero anos atrás, nalgúns casos non moitos, houbo na nosa parroquia outras festas populares das que demos conta na mostra.

O universo festivo popular

Antes de entrar no contido destas festas, a exposición amosa ao visitante algúns conceptos xerais relativos ás festas populares. Comeza lembrándonos que estas constitúen unha das manifestacións máis ricas e variadas da cultura popular e que veñen a ser un tempo extraordinario marcado pola ruptura da monotonía

diaria e caracterizado pola comida e vestimenta de excepción, así como pola realización de diversións e rituais que lembran un personaxe, un feito real ou imaxinario ou están relacionadas con cultos ancestrais, con acontecementos históricos e, nos últimos anos, coa gastronomía.

Acompañando imaxes de diversas festas, explícase que algunhas de índole relixiosa son o resultado da cristianización de antigos ritos pagás, como a Candeloria que lembra as seculares festas das candeas, ou de milagrosas manifestacións de personaxes sagrados: aparicións, como a propia Virxe do Corpiño; encontro de imaxes ou reliquias, como a nosa Señora das Ermidas en Antas; visualización de luces, como Santiago Apóstolo; oír voces e mandatos, como a nosa Señora de Viveiro/Virxe de Valdeflores; intervencións sobrenaturais, como a Virxe da Franqueira á que se atribúe a liberación de cristiáns da prisión de Arxel; etc.



Outras imaxes da exposición aluden ás festas como lugar de diversión e de ambiente distendido que se converte, ademais, nunha excepcional ocasión de relación entre a mocidade. Paseos, galanteos e bailes ofrécense como cómplices para comezar ou estreitar un idilio.

O adro tamén se converte, nos días de festa, en lugar de encontro de veciños, forasteiros e daqueles que deixaran a localidade e volven para reencontrarse cos seus. A xente saúda e conversa no ambiente festivo, esquecendo os problemas habituais para dedicarse ao ocio e ao recreo. Maila o dito, nas festas populares tamén teñen acontecido desencontros, ás veces graves. O cortexo de mozas por mozos alleos e o alcohol son causas principais de liortas e pelexas.

Pendencias aparte, as festas populares funcionaron secularmente, se cadra aínda seguen a funcionar hoxe, como unha válvula de escape. Responde, dalgún xeito, á necesidade que ten o ser humano de evadirse das obrigas e do traballo cotiáns para dedicarse ao descaso e ao divertimento. Tradicionalmente, os poderes económicos, civís e relixiosos viron nas festas populares os perigos do vicio, do pecado e da falta de rendemento no traballo, así como das desordes públicas que poderían derivar en rebelións. De aí o seu afán por conducilas, permitindo un pasaxeiro descontrol controlado para que a orde social establecida non se quebrantase. Daquela, as festas actuaron como unha válvula de seguridade, ao permitiren que as clases menos favorecidas se liberasen das obrigas que diariamente as oprimen e purguen os seus resentimentos respecto aos opresores, quedando deste xeito en “mellores condicións” para continuaren a desenvolver o mesmo rol que viñan realizando.

Un cartel das festas patronais de 1999 quería simbolizar na exposición o valor identitario das festas populares, aínda que á conformación deste sentimento contribúen outros factores. As colectas para o financiamento da festa e os labores precisos para a súa organización axudan a formación desa conciencia identitaria. A cartelaría divulgadora e o estoupido de foguetes anuncian ás zonas próximas que “estamos en festas”, anuncio que nas festas relixiosas, completan os repiques de campás. Pero, se cadra, o máis importante neste sentido é que durante a celebración festiva, as disputas entre veciños, derivadas da convivencia diaria, quedan á marxe, e a localidade móstrase como unha unidade diante dos propios veciños e dos visitantes.

Este variado conxunto de compoñentes forman parte do universo festivo popular no que tamén caben os foguetes, a iluminación, atraccións, postos de venda, as roupas, as comidas, os pobres, os moínantes, o alcance económico e, no seu caso, as variadas formas de fervor relixioso, aspectos estes últimos aos que nos referimos a continuación.

A devoción popular

Apoiada por imaxes como a pedra dos cadrís da Virxe da Barca e a dunha penitente subindo de xeonllos

polas escaleiras do noso san Bieito, a exposición anima a reflexionar sobre a devoción popular nas festas de carácter relixioso, manifestada nas promesas, ofrendas e ritos que os devotos realizan para obter uns beneficios como curar unha enfermidade, obter boas colleitas, a volta dun familiar emigrado ou liberarse dos males que padecen.

Segundo cada caso, as promesas poden facerse a santos “xeneralistas” ou a outros que teñen a súa respectiva especialidade. San Campio axudaba a librar do servizo militar; santa Lucia atende doenzas da vista; san Brais da gorxa e san Bieito, da pel. San Cristóbal protexe os automobilistas; san Antonio Abade, os animais, etc. Trátase, pois, dunha devoción material, cun marcado carácter utilitario, que roza co politeísmo. E tendo en conta que, en moitos casos, os santos milagreiros son os dun sitio concreto e que son rituais frecuentes tocar a imaxe, pasar por debaixo dela, mercar as súas estampas e outros semellantes, podemos pensar que a devoción popular raia coa a idolatría e o fetichismo, prácticas contrarias á ortodoxia oficial.

Cando se ofrece a un santo, o penitente concreta o modo de desprazarse a o santuario: a pé, en silencio, camiñar parte do treito descalzo ou de xeonllos, portar un ataúde, vestirse



cun hábito, etc. Unha vez no ámbito festivo, son habituais os de contacto coa imaxe (tocala, pasarlle un pano, levala na procesión), os de obter algo relacionado co sagrado (coller terra que se supón sacra, auga dunha "fonte santa" ou facerse con aceite, allos, auga, estampas ou escapularios, sempre bendicidos). Tamén se fan rituais en lugares onde supostamente apareceu o santo, relacionados con el ou con ritos ancestrais: pasar por debaixo do altar, dunha pedra furada, abalar unha pedra, etc.

Segundo a devoción popular, para conseguir o favor dos santos é preciso, ademais dos ritos, entregarlle unha ofrenda propiciatoria. No ámbito galego son frecuentes as ofrendas a base de produtos do campo (millo, patacas, polos, xamóns, ovos...), billetes que se penduran do manto da imaxe, cirios, exvotos de cera e obxectos que lembran a doenza padecida, como estribeiras ou muletas. Con todo, oír unha misa, mellor se é a solemne, e participar na procesión considéranse requisitos imprescindibles para calquera devoto ofrecido.

Importancia económica das festas populares

As festas populares actúan como un estimulante económico cuxo alcance está en relación coa relevancia de cada unha delas. A organización da propia festa implica a iluminación e ornato do campo da festa e da igrexa, os foguetes, bombas, música, etc. Todo elo supón gastos que van dinamizar certos sectores da economía.

Diversas imaxes exemplifican a variedade de postos que se poden instalar nos campos das festas: caseta de tiro, teatriño, postos de comida e bebida e de exvotos. A eles poderíanse engadir outros que irían desde as humildes rosquilleiras ata

atraccións mecánicas de envergadura, pasando por tómbolas, carruseis, etc. Todos fan o seu negocio aproveitando a masiva concorrencia de público. Tamén moven a economía as ofrendas, en moitos casos vendidas en poxa ao final do día, e os desprazamentos de devotos e visitantes o mesmo que as roupas e a comida que na maiorías das festas galegas ocupa un lugar primordial.

Era tradición que en calquera festa popular (en especial nas do patrón), a xente lucise as mellores galas,

san Bieito, onde, ao rematar, adoitaban facerse cantos e bailes, nalgún caso ao son de acordeóns. Con todo, os maiores banquetes das festas, en especial das do patrón, producíanse nas casas particulares con menús que melloraban notoriamente a dieta diaria. Unha das instantáneas presentes na exposición mostra graficamente o tradicional costume de ter "festeiros", invitados, normalmente parentes ou amigos doutras localidades ou persoas relevantes, cos que, nunha mesa ben servida, se pretende estreitar lazos que poden ser útiles en ocasións futuras.



"a roupa das festas", aínda que tamén se usaba para situacións especiais, como ir á misa, ao médico, á vila e a acontecementos singulares. Había que ver na exposición as múltiples imaxes de persoas de todas as idades ataviadas con elegantes roupas nas festas de Lárez. Correspondían a diversas épocas destacando algunhas da década de 1950.

Por último, a introdución festiva refírese ao comensalismo como xerador de movemento económico, amosando excepcionais imaxes de xente de Lárez merendendo ou xantando á sombra de carballos ou castiñeiros en romarías como os Milagres, os Remdios, san Cibrán ou o propio

O comezo do ano festivo

De troulas e devocións amosa as festas que houbo en Lárez desde finais do século XIX, aínda que de algunhas existen referencia de afastados tempos.

San Sebastián (20 de xaneiro) abre o ano festivo lerezán. Unha festa que se viña celebrando, cando menos, desde que a cidade de Pontevedra, tras unha epidemia de cólera, renovase o voto a este santo en 1854. Os festexos podían durar un ou dous días nos que, ademais dos actos relixiosos, era notoria a parte profana con animadas verbenas. A partir de 1929 non temos noticia escrita deste festexo, pero fontes orais apuntan que se celebrou descontinuamente ata a década de



1970, constando que unha das últimas ocasións foi organizada por directivos do Club Deportivo Lárez.

A seguir, atopamos a festa da **Candeloria** ou *Candelaria*, reminiscencia da ancestral “festa das candeas”. Noticias xornalísticas indican que celebrouse en Lárez desde 1900 a 1930, pero o máis probable é que se festexase antes dese período e referencias orais indican que tamén se celebrou na década de 1950.

Deberon ser unhas das festas máis divertidas da redonda. Así, o xornal da capital “*La Correspondencia Gallega*” (03-02-1900), publica que a festa “*revistió un inusitado esplendor [...] por la tarde se ha visto muy concurrido el atrio de la iglesia y sus inmediaciones y el paseo por la carretera de Santiago resultó muy animado.*”

O **entroido** tivo entre nós certa celebración. Na década dos anos cincuenta dos século pasado (talvez uns anos máis), celebrábase o **enterro da sardiña** cunha comitiva carnavalesca, da que dan fe persoas maiores que participaron nela, que o martes de entroido ou o mércores de cinza saía da Piolla, dirixíase cara ao Arco, daba volta a altura do mosteiro e, ao pasar a Fillagosa, desvíabase á Cachada de Arriba onde, curiosamente, se queimaba un boneco. Á cabeza deste singular desfile fúnebre figuraban os gaiteiros da Piolla: *o Rutilo, o Canicouva* e *o Rosquilleiro*, que eran os verdadeiros organizadores e animadores do ambiente coa súa música.

En 2016 e 2017, celebrouse o **enterro do moicante** cuxa comitiva, formada de xente do todas as idades discorría polo Camiño Vello e polas rúas Leandro del Río, Barriga Verde, e Médico Ballina, animada por un grupo de gaitas da Casa da Cultura, lugar onde previamente se lle facía o velorio.

As trouladas do entroido non quedaron aí. As **verbenas de Couso** comezaron en 2003, organizadas un grupo de veciños do lugar. Facíanse o martes de entroido no campo de fútbol onde instalaba unha gran carpa dotada de calefacción. A festa duraba todo o día. Na sesión do mediodía había polbo á feira e outras viandas para rematar con orellas e filloas, todo animado por una orquestra. A partir das cinco da tarde era o momento das crianzas: xogos e concurso de disfraces, sen faltar a música. E á noite, baile de disfraces, con premios para os máis destacados. Deixou de celebrarse en 2012, aínda que, dous anos despois, resucitou cunha troulada semellante na explanada do cemiterio que non tivo continuidade.

Rematamos este primeiro ciclo das festas lerezás coa **festa da orella** que se celebrou no adro, debaixo dunha gran carpa entre 2007 e 2017. Parecía unha festa consolidada, mais non volveu celebrarse.

Os participantes podían degustar orella de porcino ao estilo tradicional ou en empanada e orella de repostería. Nos últimos anos, tamén se ofrecía churrasco, chourizos e polbo á feira. Para atraer a participación, establecíanse módicos prezos, organizábase un concurso de orella de repostería e unha banda de gaiteiros e música de discoteca amenizaban o ambiente. Tamén había divertimentos para as crianzas. A organización correu a cargo da Asociación de Veciños “San Bieito”.

Festas no medio do ano

Na honra da **Virxe de Fátima** só se celebrou festa unha vez, o domingo, 12 de maio de 1957. A súa relevancia estriba en que resultou ser magnífica e que a comisión organizadora estaba formada exclusivamente por señoritas, a primeira desta índole

en Lárez, despois do golpe de estado franquista. A misa con coro e a espectacular procesión exalzarón o aspecto relixioso e a parte profana contou con abundantes foguetes e unha extraordinaria animación verbeneira.

Xa no mes de xuño, organizábase a **festa do Sacramento** para honrar o Neno Xesús. Estaba ligada ás crianzas que facían a primeira comunión. Hai noticias dela desde 1912, a través dunha breve nota de “*La Correspondencia Gallega*” (10-06-1912). Pero, a partir de 1918, ano no que o festexo tivo especial relevancia, non coñecemos máis noticia ata 1958, aínda que, a partir de aquí, só se fala de actos relixiosos.

Esta conmemoración foi o antecedente da **festa dos nenos** que se celebrou desde comezos da década de 1970 aos primeiros anos da seguinte, con xogos populares, concursos e premios. Entre 1985 e 1998 foi incorporada na programación das festas do Cristo e a Asociación de Veciños recuperouna de 2007 a 2016, baixo o nome de **festa da rapazada**.

Lárez tamén tivo **festas de san Antonio** de Lisboa ou de Padua, aínda que no podemos precisar en que anos se levou a cabo. Referencias indirectas e orais apunta que en 1986 a comisión que as organizaba estaba en activo polo que se pode pensar que nesa década e na seguinte debeu haber festa na honra deste santo. Os festexos duraban un día con misa, procesión e verbena nocturna.

Tamén hai noticia da celebración de **verbenas no Socorro** desde 1919. Pero a nota que publica “*El Diario de Pontevedra*” do día 28 de xuño dese ano di que “*Esta noche habrá otra verbena en el Lugar del Socorro...*”, o que se pode interpretar como que en anos anteriores xa se celebraran

verbenas semellantes na hora da Nosa Señora do Perpetuo Socorro, aínda que non consta que se realizasen actos relixiosos. A última noticia situámola en 1923, ano en que se rifa un carneiro, pero é posible que se celebre en anos posteriores. Esta verbena do Socorro foi, probablemente a primeira festa popular de Lerez que se iluminou con “focos eléctricos”. Corría o ano 1921.

O 16 de xullo de 1936 celebrouse unha **verbena na Porta do Sol**. Dela dá conta “*El Pueblo Gallego*”: “...el barrio de la Puerta del Sol en la vecina parroquia de Lerez ha organizado para hoy, con motivo de la festividad de la Virgen del Carmen, un a gran verbena”. Cabe salientar que a festa correu a cargo dunha comisión feminina, que contou con iluminación eléctrica e que estivo animada por unha orquestra (daquela o máis frecuente eran as bandas de música e gaitas) que actuou ata as dúas da mañá, pero non hai referencias a actos relixiosos.

De mediados do ano tamén son as festas de san Bieito e do Cristo, pero, pola súa importancia, merecen capítulos aparte.

San Bieito de Lerez, o máis milagreiro

A comunidade católica internacional ten moita devoción a san Bieito e en Galicia acada gran predicamento, mais a cantiga popular afirma que o máis milagreiro é o san Benitiño de Lerez onde, segundo González Reboredo, xa no século XVIII había sonada romaría na súa honra.

Os devotos do noso san Benitiño acoden a el para pedirlle a curación de espullas, grans, eccemas, feridas rebeldes e afeccións da pel en xeral, así como bocios, tumores e outras doenzas graves. Ademais de oracións, ofrecen a san Bieito velas (algunhas veces tan altas como os oferentes), figuras de cera coa forma da parte do corpo afectada, diñeiro que se colga

da vestimenta do santo, aceite e produtos do campo como patacas, chourizos, ovos, aves e outros animais.

O máis sinxelo dos ritos é oír unha misa e o máis sacrificado consiste en subir de xeonllos as escaleiras pétreas que conducen á igrexa, práctica esta pouco frecuente nos últimos anos, pero moi socorrida antano. Outros ritos son pasar tamén de xeonllos por debaixo do altar do santo; pasar un pano pola imaxe do santo para fretar con el as partes enfermas; ir na procesión. Pero, sen dúbida, o rito máis típico e popular é o do aceite. Trátase de aceite de oliva común que, despois de bendicido, “quéimase” permanentemente nunha lámpada de cobre na presenza do santo. A fe dos ofrecidos, que fan cola para recollelo, atribúelle propiedades curativas unha vez aplicado nas zonas doentes durante nove ou máis días.

En tempos pasados, a festa de san Bieito duraba dous días. Na véspera, a queima de foguetes anunciaba o comezo dos festexos. Pola tarde tiña lugar o último oficio da novena que se viña celebrando e despois había verbena no adro. No propio día, as misas comezaban cedo cunha frecuencia de media hora para facer posible que non quedase ningún penitente sen oír o santo oficio. Á misa maior, de gran ceremonial, seguía a procesión. Pola tarde, continuaban as misas e a parte profana da romaría, que xa empezara de mañá tamén en Monte Porreiro, animábase con baile vespertino amenizado con gaitas, murgas e bandas de música.

A sona de san Bieito atraía e atrae devotos de toda Galicia, aínda que a maioría deles proceden dos concellos próximos á vila de Pontevedra cuxa actividade comercial pechaba pola tarde e, actualmente, o san Bieito do verán está declarado día festivo. Antigamente, os romeiros acudían



andando desde afastados lugares. Moitos deles chegaban a véspera, pero, partir do século XIX, utilizan maioritariamente o tren, tranvía ou autobús e tamén embarcacións desde Marín. Desde mediados do século pasado, a maioría dos romeiros vén en vehículos propios.

A xente abarrotaba o adro e os campos circundantes adquirían un aspecto alegre e pintoresco coa multitude de romeiros xantando e, despois, cantando ou bailando. No san Bieito do verán, este ambiente estendíase por Monte Porreiro, na outra beira do río, por onde, en ocasións, se organizaban xiras, desde Marín, Mollavao e As Corvaceiras, numerosas embarcacións “...remontaban el Lérez en busca del lugar preferido para “despachar” la clásica merienda [tamén o xantar], viéndose los ribazos profusamente poblados de improvisadas mesas.” (Ciudad, 09-07-1945). As embarcacións viñan engalanadas e equipadas con música e a tripulación e os pasaxeiros dispostos a gozar da paisaxe, do xantar ou merenda, da

música e do baile. Se cadra, tamén cruzaban o río, accedían ao adro e participaban nalgún acto relixioso para cumprir unha promesa que podía levar consigo a entrega dunha ofrenda.

Con certas ofrendas recibidas organízase unha poxa o mesmo día pola tarde, que constitúe un tradicional espectáculo que completa os atractivos da romaría. As veces, os produtos poxados sorprenden, como aconteceu en 1904, que “... terminada la solemidad religiosa, se vendió a la puja una hermosa ternera, oferta de un devoto de San Benito.” (El Áncora, 22-03-1904).

En 1967 a festa de san Bieito de Lérez foi declarada de “interés turístico nacional”, pero desde había uns anos, comezara a experimentar certos cambios a causa, fundamentalmente, do desenvolvemento dos medios de locomoción. A secular devoción a san Benitiño segue nos nosos días. Pero moitísimos devotos abandonan a romaría despois de

visitar o santo e volven aos seus domicilios en vehículos particulares, o que lle resta animación e enxebrismo á festa. Con todo, no adro, segue a haber postos de polbo, empanada, churros, bebidas, ofrendas, etc. Grupos de música tradicional alegran o ambiente e os foguetes completan a romaría, que tamén se estende pola outra beira do río (Monte Porreiro) onde, nos últimos anos, o concello ofrece empanada, mexillóns e outras viandas, así como ambiente musical.

Festas do Santísimo Cristo do Consolo



En Lérez vénase o Santísimo Cristo do Consolo, unha das advocacións de Xesús, aínda que a celebración era coñecida pola festa do Cristo, cuxa primeira noticia localízámola no semanario *El Gallego* (08-07-1888). Desde aquí, pódese seguir súa existencia ata 1936. Despois, non atopamos noticias ata 1944. Posteriormente, aparecen novas súas, pero os actos profanos só se citan ocasionalmente. A partir da década seguinte foi collendo popularidade que vai culminar entre 1985 a 1998.



A organización desta festa estivo a cargo de comisións ás que a prensa ten identificado como “Cofradía”, “Asociación”, “Hermadad” ou “Congregación”. En calquera caso o veciño Joaquín Paz, foi, desde 1912, e durante moitos anos, o seu presidente ou mordomo. Malia o dito, a “cofradía” debeu ter maior continuidade a partir de 1958, pois en 1983 (vodas de prata), aplicouse a misa maior polos confrades falecidos. Houbo anos nos que esta só organizaba os actos relixiosos, mentres que os profanos, se os había, corrían a cargo dunha comisión. Entre 1985 e 1998, a entusiasta comisión que se encargaba da parte profana colaboraba estreitamente coa confraría na organización dos actos piadosos ata que esta os asumiu en exclusiva, mentres os profanos eran organizados por comisións de veciños, aínda que tiveron lugar de xeito descontinuo ata o ano 2005.

Os gastos festivos cubríase cunha colecta veciñal que se completaba con outros ingresos. O máis habitual era sortear un becerro, aínda que en 1888 houbo tres premios: unha peza de lenzo, un reloxo espertador e seis reais en metálico. No ano 1912, o presidente, señor Paz, ante a escasa

recadación popular, decidiu mercar un billete de lotería que foi premiado con seiscentas pesetas das que unha parte se dedicou a contratar a banda de música de Pontevedra. Na última etapa, a comisión de festas facía unha publicación cargada de publicidade da que obtiñan certos beneficios, tamén vendían lotería que asociaban ao sorteo dun cesta de nadal e xestionaban outras achegas ademais da colecta veciñal.

Á parte de bombas, foguetes de variado impacto e globos, o adro engalanábase con luxosa iluminación. A fachada da igrexa e os accesos lucían na noite esplendorosos farois “a la veneciana” e luces de acetileno que, a partir de 1925, foron substituídos por lámpadas eléctricas. Tamén a igrexa amosaba as mellores galas. “[O templo]... *alfombrado exquisitamente de olorosas plantas y ornamentado con artísticas guirnalda de flores y ramaje, e iluminado con gusto y opulencia...*” (*La Correspondencia Gallega*, 17-05-1912).

Cando había actos profanos, os festexos duraban normalmente dous días. Na véspera pola mañá, foguetes, bombas e un repique de campás,

anunciaba o comezo dos festexos, reforzado polos sons de gaitas ou banda de música que percorrían a parroquia. Pola tarde, organizábase unha concorrida procesión desde un lugar da parroquia (O Socorro, A Gándara, Castelo...). Era frecuente que determinados treitos do percorrido estivesen adornados con alfombras florais e se fixesen paradas en altares feitos para a ocasión. Durante a procesión, queimábanse abundantes foguetes e unha banda de música e gaitas acompañaban a comitiva. A continuación, comezaba a verbena popular. Nos intermedios podía haber “función de pólvora” e solta de “globos fantásticos de caprichosas formas” que en 1908 foron substituídos por un globo xigante que se ceibou ás doce da noite, ao finalizar a verbena.

O propio día do Cristo, había misa solemne, case sempre acompañada de música sacra e oficiada por un destacado relixioso. Ao remate, saía a procesión polo Arco, O Cruceiro, e Porta do Sol para regresar á igrexa. Algunha veces, esta procesión realizouse pola tarde, como aconteceu en 1912, onde o poeta Juan Bautista Andrade portaba o estandarte.

Na tarde-noite había folián campestre amenizado por unha banda de música e gaitas. Nos últimos anos, organizábanse pola tarde, actividades dirixidas a nenos e nenas que podían gozar de diversos xogos (carreiras de sacos, cucañas, piñatas e outros divertimentos infantís), nun ambiente de sons de grupos de gaitas e da plástica de grupos de baile galego. Tamén se ten organizado concursos de canción entre os cativos do que saíron bonitas voces que chegaron a actuar en orquestras. Ao final procedíase á entrega dos premios dos diferentes concursos. Pola noite actuaban na velada dúas afamadas orquestras ata a madrugada.



Á festa do Cristo asistían os veciños de Lérez, das parroquias da redonda e da vila de Pontevedra, formando un espectacular paseo polos accesos ao adro. Nalgúns anos, circulaban *rippers* desde a ponte do Burgo ata a igrexa. E, a partir de 1925, os tranvías e, despois, os trolebuses ofrecían servizos especiais que chegaban ao Empalme ateigados de xente.

Foi unha das mellores festas da redonda. A súa sonda transcendeu á prensa local e rexional. *La Hormiga de Oro*, revista católica editada en Barcelona, no seu número do 15-06-1912, nunha páxina ilustrada con dúas fotografías, afirma que “*Es una de las más populares y famosas de Galicia*”.

O Divino Salvador

Aínda que a primeira referencia ao mosteiro de “San Salvador” de Lérez data do ano 916 (doazón do rei Ordoño II ao abade Guntado), non sabemos de certo cando se comezou a celebrar a festa do *Salvador* como patrón da parroquia. Pero, a noticia xornalística máis antiga que coñecemos achámola no xornal “*Crónica de Pontevedra*” do 06-08-1886 que dá conta que “...

ayer tuvieron lugar en la parroquia de Lérez unas lucidas vísperas y hoy la función a su santo patrono.”

Normalmente, as festas do patrón duraban dúas xornadas, a véspera e o propio día, aínda que houbo ocasións de duraren tres e catro días. A véspera celebrábase o día cinco de agosto con actos que variaban duns anos para outros. Nalgúns deles, a procesión saía pola tarde desde o Socorro coa imaxe do Salvador e ao chegar a igrexa, organizábanse solemnes vésperas relixiosas que daban paso á verbena no adro que remataba coa tirada de foguetes, habendo anos que se liberaban globos de cores.

O programa do propio día adoitaba ser máis completo. Á primeira hora da mañá, a parroquia espertaba con potentes bombas de palenque. E unha banda de música e gaitas do país alegraban a veciñanza e animában a festa. Ás once ou doce do día, había misa solemne con orquestra e sermón a cargo de distinguidos predicadores, sendo de destacar Leandro del Río (que en 1917 amosou a súa elocuencia), e o crego e líder agrarista, Basilio Álvarez (1928). Despois

da misa, saía a procesión, durante a que se adoitaba entoar cantos relixiosos, tirar “fuego volador” e, á recollida, bombas.

Durante moitos anos, a festa campestre comezaba a partir das cinco da tarde e remataba entre as nove e as doce da noite en cuxo momento lanzábanse bombas e varios globos ou un xigante. Posteriormente, retrasáronse o comezo e o final que, a non ser entre os anos 1957 e 1965, chegaba ata a madrugada.

Cando había un terceiro día de festa, a misa maior oficiábase polos confrades falecidos e, desaparecida a confraría, polos fregueses tamén falecidos. Despois dos oficios sagrados había solemne procesión e pola tarde festa campestre que poñía fin aos festexos.

Ao deixarse de facer a festa de san Roque, alá pola década dos anos cincuenta, as comisións das do patrón dedicaron o terceiro día a este santo. Houbo anos nos que as festas duraron catro días como, por exemplo, en 1978, cuxas verbenas estiveron amenizadas por orquestras da categoría de Satélites, Compostela ou Sintonía e grupos como Solano e os Estelares.

Durante os días da festa do patrón, o adro estaba iluminado o mesmo que os camiños de acceso e en varias ocasións a fachada da igrexa. Usábase a luz de carburo e farois cun cirio ou unha candeia de aceite dentro. A partir da terceira década do século pasado comezou a utilizarse a iluminación eléctrica, aínda que tardou en desprazar totalmente os farois.

Os foguetes fixos e de aire, tracas, bombas e bengalas foron variedades pirotécnicas que animaron as festas. Pero o máis espectacular aconteceu



cando houbo foguetes acuáticos no río, cuxa primeira sesión tivo lugar en 1925. Os globos de cores ou un globo xigante contribuían algúns anos a animar o ambiente festivo ou a súa clausura. Ademais, algúns anos houbo concursos de baile galego, que en 1925 tivo como gañador o grupo “Foliadas e Cantigas.”

Ás festas do Divino Salvador de Lérez acudía xente das parroquias da redonda. Tamén da vila de Pontevedra cando non coincidían coas festas da Peregrina, en cuxo caso, as do noso patrón quedaban minoradas. Con todo, os veciños e veciñas de Lérez eran os que realmente “facían a festa” que para eles tiña un marcado valor. Acudían aos actos organizados, vestían as mellores galas e organizaban banquete. Neles cabían familiares, amigos de fóra e persoas influentes que degustaban menús extraordinarios nos que non faltaban boas carnes e marisco. As festas patronais eran unha ilusión que

engaiolaba a toda a veciñanza, que nunca cambiou o día da festa aínda que cadrase no medio da semana

Durante moitos anos, a organización dos festexos patronais corría a cargo dunha confraría ata que en 1925 se encargou unha comisión presidida polo crego Leandro del Río (*El Progreso*, 10-06-1925) que co paso dos anos daría lugar a outras comisións formadas unicamente por fregueses. O financiamento realizábase fundamentalmente polas achegas veciñais complementadas pola organización de rifas, publicidade en carteis, donativos de determinadas empresas locais e polo canon que pagaban os postos de venda e atraccións.

Pensamos que as festas patronais de Lérez deberon celebrarse ininterrompidamente ata mediados da década de 1930. Reaparece de forma intermitente a partir de 1946, aínda que manifestacións veciñais aseguran que, desde entón, sempre houbo

festas patronais ata que deixaron de facerse, definitivamente (ata o momento) en 2014 despois dun período de agonía, malia o esforzo das últimas comisións organizadores.

As últimas festas do ano

Aínda que o verdadeiro **día de San Roque** é o 16 de agosto, en Lérez celebrouse en diversas datas, incluso a finais de setembro. Non podemos precisar cando, pero esta festa pasou a realizarse xuntamente coas do patrón, reservándose a tal efecto o día sete de agosto, denominado popularmente o “octavario”.

Na festa de san Roque atopamos algunhas particularidades. Algúns anos as festas duraban tres días, como aconteceu en 1900 “...con motivo de celebrarse el sorteo de la rifa de San Roque” (*El Áncora*, 01-09-1900). Na procesión que desde O Socorro tiña lugar a véspera, a imaxe do santo trasladábase nunha “...artística carroza arrastrada por niños vestidos de peregrinos” (*El Diario de Pontevedra*, 24-08-1928). En 1933, “Un nutrido grupo de señoritas de la parroquia de Lérez acordó organizar las fiestas de San Roque” (*El Pueblo Gallego*, 15-09-1933), feito pouco frecuente daquela. E téñense organizado carreiras ciclistas (*El Pueblo Gallego*, 23-08-1934) para completar o programa festivo.

Aínda que faltan algúns datos por completar, pensamos que a **fiesta de santa Lucía** debeu celebrarse sen interrupción desde 1895 ata 1935, que se recuperou na década de 1940 e que deixou de facerse na década seguinte ata que nos primeiros anos do presente século se volveu a organizar durante catro anos por unha comisión da Piolla. Na véspera, había animada verbena no adro. E no propio día, despois das dianas e alboradas pola parroquia, había misa e procesión e pola tarde, festa no adro.

